

O complexo de poder de Estados Unidos: o que hai de novidade

Tom Barry

Para distinguir o que hai de novidade na política exterior dos EEUU e a súa busca do poder ao longo da historia, non precisamos seguir os debates nas revistas de política exterior ou nos círculos políticos de Beltway. A emerxente estratexia da política exterior dos EEUU é xa simplemente evidente nas declaracións do presidente Bush e os seus funcionarios máis cualificados. É unha axenda distinguida pola súa “claridade moral”, segundo Bush, que informou ao mundo de que os Estados Unidos comezaron unha guerra “sen fin” contra os “malfeitores”. A súa claridade moral sobre o “Eixo do Mal” e o seu aviso de que estades “ben con nós, ben cos terroristas” reforzan a idea dunha maior disposición para facer uso do poder dos EEUU.

A estratexia desenvolvida pola Administración Bush vai, máis alá da guerra contra o terrorismo, encamiñada a producir unha revaloración radical da política exterior e militar nun mundo unipolar. Como explicaron altos funcionarios, Estados Unidos ten a intención de seguir políticas que impidan a aparición dun competidor á súa altura. Deixando de lado o tradicional achegamento “realista” aos asuntos de seguridade dos EEUU, o presidente Bush expuxo a grandes trazos unha axenda supremacista ou neoimperial de seguridade internacional no discurso chave da política exterior, pronunciado en West Point en xuño de 2002. Non só Estados Unidos xa non confía máis en coalicións de grandes potencias para garantir a seguridade colectiva, senón que tamén tratará de impedir a aparición de calquera rival global posible mantendo “a forza militar de EEUU máis alá de desafíos”.

Pero o “diaño vai na letra pequena”. Son eses detalles menores da Administración Bush, máis cas grandes declaracións políticas, os que revelan mellor o carácter e as dimensións da nova política exterior e militar dos EEUU. Como parte da xestión interna do aparello de política exterior da administración, o Departamento de Defensa suprimiu a principios de 2002 o seu pequeno *Peacekeeping Institute* (PKI)⁽¹⁾. Cun orzamento operacional de 200.000 dólares, o PKI é a única axencia governamental dedicada ao estudo do aseguramento da paz en “estados fracasados” (*failed states*) e situacións posconflicto. Xa o candidato presidencial Bush o anunciou en 1999, cando rexeitou o papel de Estados Unidos nos procesos de pacificación: “Esa non é nin a nosa fortaleza nin a nosa vocación⁽²⁾”. Observadores achegados de dentro e de fóra do Pentágono afirmaron que a anun-

(1) LOBE, Jim: *Army Peacekeeping Institute Sent Packing*, TomPaine.com, 17 de xullo de 2002.

(2) BUSH, George W.: *A Period of Consequences*, Speech delivered at The Citadel, 23 de setembro de 1999, http://citadel.edu/pao/addresses/pres_bush.html.

ciada supresión do Instituto de Pacificación reflicte o desprezo que o ministro de Defensa, Rumsfeld, e outros *hawks* (“falcóns”) teñen cara o grupo *soft* (“brando”) –o internacionalista liberal– das relacións internacionais.

A decisión da Administración Bush de renunciar á sinatura do ‘Tratado de creación da Corte Penal Internacional’, adiantada pola Administración Clinton, saltou ás primeiras páxinas da prensa internacional. Sen embargo, a declaración do subsecretario de Control de Armas, John Bolton, asegurando que a sinatura da carta na que se renunciaba ao ‘Estatuto de Roma’, “foi o momento máis feliz do meu servicio ó goberno”, é tanto ou máis significativa que aquela decisión, pulada ideoloxicamente desde a administración fronte ás presións multilaterais recibidas polo goberno de EEUU. Así mesmo, mentres que a oposición da administración ao ‘Protocolo de Kyoto’ sobre o cambio climático é moi coñecida, a súa determinación de minar todos os esforzos para establecer normas internacionais sobre o uso de combustíbeis fósiles podería ser apreciada mellor na súa manobra de substituír a Robert Watson, o respectado presidente do Grupo Intergubernamental sobre o Cambio Climático, destinada a desvalorizar a credibilidade do Grupo. E o poder da “petropolítica” para determinar a política de EEUU quedou de manifesto con toda claridade nun informe transcendido desde ExxonMobil, que preguntara con anterioridade á “Casa Branca”: “¿Pode Watson ser substituído agora a solicitude de EEUU?⁽³⁾”.

Tales detalles subliñan os cambios fundamentais no discurso político da presidencia de Bush. O que está en xogo para o equipo de política exterior de Bush é o futuro do poder dos EEUU. Para facer do século XXI un novo século americano, os *hawks* e os neoconservadores, que se impuxeron na administración, promoven unha reorganización fundamental do compromiso global dos EEUU. As estratexias antigas do realismo e internacionalismo liberal, que traballaron en equipo para asegurar o dominio hexemónico de Estados Unidos durante o século XX, están, segundo eles, pasadas de moda no mundo de hoxe, no que o poder dos EEUU non está xa limitado por outra superpotencia⁽⁴⁾. O realismo –cos seus acompañantes políticos baseados no equilibrio de poder, alianzas de grandes potencias, *deterrence* (“disuasión”) e *containment* (“política de contención”)– xa non é aplicábel ao mundo unipolar, caracterizado polo grande desequilibrio de poder entre os Estados Unidos e tódalas outras nacións. Así mesmo as estratexias dun ilustrado interese, na tradición de Wilson e Roosevelt, xa de por si deseñadas para crear alianzas económicas e políticas baixo a hexemonía benigna dos EEUU, son tamén consideradas pola maioría como non necesarias e non relacionadas coa actual estrutura do poder global. Do mesmo modo, tampouco o son as estratexias xeopolíticas liberais, por exemplo, a política de “ampliación” da democracia e o

(3) WILLIAMS, Ian: *The U.S. List at the United Nations*, Foreign Policy in Focus, 30 de abril de 2002, <http://www.fpiif.org/commentary/2002/0204un.html>.

(4) Para un excelente tratamento dos xeitos de combinar realismo e internacionalismo liberal para formar a estratexia dos EEUU durante a Guerra Fría, ver IKENBERRY, G. John: “*America’s Imperial Ambition*”, *Foreign Affairs*, setembro/outubro de 2002.

intervencionismo humanitario dos anos 90, que realzaron a idea de inclusión, laminando o “illacionismo”, e de implicación nunha ordenación normativa do sistema internacional. Para o equipo de política exterior de Bush, os Estados Unidos deberían exercer agora o seu poder sen limitacións tales coma cooperación, alianzas e normas, e sen se desculpar polo seu status imperial⁽⁵⁾.

Cómpre entón unha estratexia de supremacía. Ningunha outra nación manexou tan indiscutíbel poder –político, económico, militar, tecnolóxico, diplomático e cultural– sobre tanto territorio. EEUU debería liberarse dos complexos acerca do seu poder –a súa culpa e a ambivalencia liberal sobre a súa supremacía– e perseguir con convicción unha estratexia de neoimperialismo.

Os defensores desta estratexia neoimperial do compromiso global basean o seu argumento en dous feitos indiscutíbeis das relacións internacionais despois da ‘Guerra Fría’: o afondamento do poder dos EEUU e a ausencia de manifestacións alternativas dun liderado global apoiado, ademais, por unha forza militar. Se pensamos primeiro nos intereses nacionais e na seguridade nacional dos EEUU, entón, o obxectivo de calquera estratexia debería ser, segundo os novos imperialistas, manter e aumentar ese poder dos EEUU, ou sexa, prolongar o que o columnista Charles Krauthammer chama o “momento unipolar”.

Da hexemonía á supremacía

Desde finais do século XIX, Estados Unidos tivo ambicións hexemónicas para moldear o desenvolvemento do sistema político e económico internacional, primeiro como socio menor da Gran Bretaña, despois por si mesmo, como poder militar e tecnolóxico do mundo. O seu poder e liderado resultaron chave para derrotar a Alemaña e ás forzas do Eixo, e para expor a visión ideolóxica do marco da posguerra, isto é, o das relacións internacionais capitalistas dirixidas por un sistema multilateral baixo o manexo estadounidense.

As nacións capitalistas industrializadas consideraron xeralmente aos EEUU coma un “hexemón” benigno: Estados Unidos manexaba o sistema económico capitalista en beneficio de todos os xogadores maiores, incluíndo ás nacións que integraron o Eixo, e brindaba protección e seguridade militar sen esixir retribución financeira. Pero a rivalidade ideolóxica e militar dos anos da ‘Guerra Fría’ detivo o alcance xeográfico da hexemonía americana. As elevadas metas do multilateralismo e da cooperación internacional, e as regras mundiais establecidas polos arquitectos do sistema global de goberno nacido coa ONU, enmarcaron o discurso oficial dos negocios planetarios, mentres o xadrez político das superpotencias rivais definía esta etapa. Os *Branco*s, baixo o liderado hexemónico de Estados Unidos, e os *Roxo*s, baixo a in-

(5) Un argumento primeiro con ese resultado foi establecido polo padriño neoconservador, Irving Kristol, no American Enterprise Institute, KRISTOL, Irving: *The Emerging American Imperium*, agosto de 1997.

fluencia imperial da Unión Soviética, mantiveron todos os asuntos do mundo firmemente ligados a políticas baseadas no equilibrio de poder.

O equilibrio de poder bipolar mantivo nun control restrinxido os unilaterais impulsos intervencionistas de Estados Unidos, forzándoo a confiar no *soft power* (“poder brando”) da axuda financeira e da diplomacia. Nos anos 80, o freo desta *realpolitik* (“política realista”) comezou a afrouxar en Estados Unidos, cando xa se sentía como afondaba o deterioro do poder soviético e a credibilidade da alternativa socialista. Ao mesmo tempo, e beneficiándose dunha nova tendencia fusionista no pensamento da dereita estadounidense, que unía antisocialistas, militaristas da seguridade nacional, social-conservadores, ideólogos do libre mercado e neoconservadores, a Administración Reagan elaborou a súa propia ofensiva militar e ideolóxica. A súa fachendosa afirmación de que non existe outra alternativa que “as democracias de libre mercado”, a súa estratexia de desprazamento de *containment* para *roll-back* (“política de facer recuar”), e un novo incremento do complexo militar presaxiaron e prepararon a aventura de poder global emprendida hoxe pola Administración de “Bush fillo”. A pesar de que o militarismo da Administración Reagan reviviu a mesma oposición internacional á dominación norteamericana que xurdiu durante a Guerra de Vietnam, reavivando o discurso contra o imperialismo ianqui, a onda mundial de apoio ao liberalismo económico e político americanos fortaleceu, nos feitos, a influencia hexemónica dos Estados Unidos⁽⁶⁾.

O fin da ‘Guerra Fría’ deixou á política exterior dos Estados Unidos sen un legado definido. En ausencia do contido anticomunista da súa política exterior, ningún sector político –esquerda, liberais, centristas, conservadores e dereita– puido artellar persuasivamente unha nova visión para o novo compromiso mundial dos Estados Unidos. A “Nova Orde Mundial” proposta inicialmente por “Bush pai”, foi recibida con mofa pola dereita americana, así como tamén as políticas do “multilateralismo afirmativo” cos socios estratéxicos, e o revivido internacionalismo liberal das dúas administracións Clinton. A esquerda concentrouse case exclusivamente nunha reacción negativa e de oposición ao novo consenso liberal-conservador sobre o libre comercio, mentres apoiaba ou criticaba alternativamente o acordo centro-liberal sobre o intervencionismo humanitario. A dereita focalizouse tamén, e amplamente, en políticas de reacción negativa contra o evidente liberalismo deixado por Clinton e, despois, en grande medida da súa esencia anticomunista, en lugar de propoñer unha nova visión da política militar e exterior dos Estados Unidos, se opuxo inicialmente á súa existencia.

Foi a mediados dos anos 90, sen embargo, cando unha nova visión coherente da política exterior e militar de Estados Unidos comezou a tomar forma. Esta perspectiva reuniu os intereses tradicionais dos social-conservadores (guerras de cultura, dominación da Dereita Cristiá), e dos partidarios do complexo militar-industrial, coas

(6) Nos anos 90, a forte posición hexemónica dos EEUU quedou amosada na aceptación dos principios neoliberais do “Consenso de Washington” pola maioría dos gobernos.

cobizas neoconservadoras de reasumir o control do aparello de política exterior. Afastada dos debates sobre novas ameazas internacionais á estabilidade mundial (cambio climático, conflitos pola escaseza de recursos, SIDA), a nova visión da política exterior e militar norteamericana resultou ao mesmo tempo simple e grandiosa. Simple: non deben os Estados Unidos empantanarse en crises e en conflitos que demanden un intervencionismo humanitario se non afectan directamente ós seus intereses e á súa seguridade nacional⁽⁷⁾. Grandiosa: os Estados Unidos deben aspirar a unha dominación global e facer o que sexa necesario para manter a supremacía norteamericana en todo o mundo. A axenda radical, claramente artellada e promovida pola liña dura da Administración Bush desde que “Bush fillo” chegou á presidencia, avanzou aceleradamente despois dos actos terroristas do 11 de setembro de 2001.

Pero, ¿que é o realmente novidoso na actual estratexia de política exterior e militar? Despois de todo, os Estados Unidos teñen unha longa historia de demostración do seu poder en todas as partes do mundo, intervindo en calquera país, deixando as Nacións Unidas á marxe, aliándose con dictadores e violadores de dereitos humanos, e proclamando en todas estas accións razóns de elevada moralidade e evidenciando a vantaxe do omnipotente. Lanzou mesmo dúas bombas atómicas sobre Xapón para demostrar o esmagador do seu poderío.

O que fai diferente e tan alarmante a nova estratexia son tres compoñentes en doses cualitativamente incrementadas: antimultilateralismo agresivo, militarismo total e absolutismo moral. Fortalecendo estas tres correntes emerxe a linguaxe antiterrorista, que substituíu á do anticomunismo como núcleo organizador e unificador.

Como antes o logrou o anticomunismo, o antiterrorismo asegura o consenso bipartidista e acada eco popular, o que proporciona lóxica a alianzas estratéxicas con socios indesexábeis –de Israel a Arabia Saudita–, xustifica o incremento dos orzamentos militares e ofrece razóns para unha “guerra interminábel” contra “o Mal”. Como parte do “novo realismo” que está a xurdir en Washington, coalicións e alianzas de utilidade con pequenas potencias rexionais como Paquistán e con “grandes potencias” de segunda fila como Rusia están no centro de atención.

Campaña contra o multilateralismo

As axendas dereitistas estadounidenses sempre destacaron abertamente a ameaza que representan para Estados Unidos as instalacións dun goberno global, os “cascos azuis” gardiáns da paz, as axendas multilaterais, os tribunais e tratados internacionais. Durante a Administración Reagan, a axenda antimultilateralista chegou tre-

(7) Os intereses nacionais son raramente ben definidos, pero na práctica os intereses nacionais que o goberno dos EEUU defendeu sempre foron os intereses das grandes empresas norteamericanas e non os intereses máis amplos da comunidade. Para unha discusión sobre como as normas internacionais e o multilateralismo poden afectar ós intereses nacionais, ver FINNEMORE, Martha: *National Interests in International Society*, Cornell University Press, 1996.

boando desde o belicoso púlpito da “Casa Branca”. Despoxada do anticomunismo como crenza aglutinadora das distintas forzas dereitistas, a mediados dos anos 90 a dereita populista aplaudiu que os ataques contra a ONU e contra todas as formas de goberno global resoaran profundamente na poboación estadounidense, que se sentía xa baixo unha crecente ameaza económica e cultural. Rexeitando como bazofia liberal o “multilateralismo afirmativo” de Madeleine Albright, o Congreso Republicano apelou ao individualismo dos norteamericanos, con argumentos simultáneos contra tódalas formas de goberno global e en prol do unilateralismo. O equipo de política exterior de “Bush fillo” apartouse inmediatamente do internacionalismo e o conservadorismo moderados que caracterizaron a presidencia do seu pai, e rexeitou con firmeza unha lista de Tratados e Convenios internacionais que restrinxían a súa liberdade de acción, garantíndose ao mesmo tempo que os funcionarios nomeados nas axencias e comisións da ONU favorecesen os seus intereses⁽⁸⁾.

Os críticos ao multilateralismo –contra o ‘Protocolo de Kyoto’ sobre o clima, contra o acordo sobre o comercio de armas ou contra calquera tentativa de instituír normas e regulamentos internacionais– argumentaban que os intereses e a seguridade nacional dos Estados Unidos se verían afectados a longo prazo, e non quedarían protexidos. A crecente rede de réximes e tratados multilaterais é contemplada, en palabras dun astuto observador do multilateralismo, como “tentativas liliputianas para atar a Gulliver⁽⁹⁾”. Aínda máis alarmante, resaltaba a posibilidade de que o resultado neto de todos estes ataques puidese ser a desintegración de toda a estrutura multilateral posterior á ‘Segunda Guerra Mundial’, precipitando así os asuntos mundiais nun mundo “*hobbesiano*” onde prevalecería o poder e non a razón⁽¹⁰⁾. A visión dos presidentes Franklin Roosevelt e Woodrow Wilson a principios do século XX, sobre unha estrutura intergubernamental para previr a guerra, promover a paz e a prosperidade e

(8) John Bolton, subsecretario del Estado de Control de Armas, é o opositor máis firme ao multilateralismo na Administración Bush. Representa a oposición ideolóxica da dereita ao sistema global de goberno. Poren, foi a conselleira de Seguridade Nacional, Condeleeza Rice, quen expresou de xeito máis claro a postura pragmática desta Administración no referente ao multilateralismo. Durante a campaña electoral, criticou aos “Demócratas” por someter os intereses nacionais ao “interese dunha comunidade internacional ilusionaria” e por manter a “convicción [liberal] de que o apoio de moitos estados –ou, mellor mesmo, de institucións como as Nacións Unidas– é esencial para lexitimar o uso do poder.” Aínda que non rexeita o multilateralismo completamente en tódalas circunstancias, será a Administración quen escolla e decida, o que o director de Planificación da Política do Departamento de Estado chamou “multilateralismo á carta”. A práctica de que as nacións deben defender os seus intereses máis básicos unilateralmente foi aceptada durante moito tempo –a Administración Clinton describiu esta práctica como: “multilateral cando podemos, unilateral cando debemos”–. Pola contra, a Administración Bush rexeita a premisa pos-“Guerra Mundial” de que o multilateralismo é en xeral o mellor camiño para defender os intereses nacionais. Para unha exploración destes temas, ver PATRICK, Stewart: *Don't Fence Me In: A Restless Americas Seeks Room to Roam*, World Policy Journal, outono 2001.

(9) IKENBERRY, G. John: *America's Imperial Ambition*, Foreign Affairs, setembro/outubro de 2002. O crecente tamaño da rede multilateral non é unha percepción paranoica dos ideólogos da dereita, senón un feito das relacións internacionais. “Entre 1970 e 1997, o número de tratados internacionais se triplicou e só desde 1985 a 1999 a cantidade de institucións internacionais aumentou en dous tercios”, PATRICK, Stewart: *Multilateralism and Its Discontents: Causes and Consequences of U.S. Ambivalence*, en PATRICK y FORMAN, Shephard, editors: *Multilateralism and U.S. Foreign Policy*, Lynne Rienner Publishers, Boulder, CO, 2002, p12.

(10) O primeiro analista que equiparou a filosofía de poder da administración de Bush á de Hobbes foi Jim Lobe. Ver LOBE, Jim: *Welcome to a Hobbesian World*, Inter Press Service, 9 de marzo de 2001.

protexer os dereitos humanos, está a ser chimpada ao vertedoiro da Historia pola Administración Bush. Confiado na súa hexemonía militar, o goberno dos Estados Unidos cre poder responder unilateralmente a todas as ameazas á seguridade.

Ao deixar de lado as súas preocupacións como xendarme do mundo para se dedicar a traballar só perante as ameazas á súa propia seguridade, ao abandonar o multilateralismo, a Administración Bush deixou ao mundo sen mecanismos internacionais para responder aos problemas non tradicionais de seguridade: conflitos pola escaseza de recursos, aparición de epidemias, crimes internacionais e degradación ambiental. Os homes do Presidente que son de liña máis dura, Donald Rumsfeld, Paul Wolfowitz, Richard Perle e Richard Cheney, sosteñen unha visión moi tradicional da seguridade nacional, que deixa pouco ou ningún espazo para incluír ameazas á “seguridade humana”, unha visión que non permite considerar propostas para novas formas de goberno mundial que atendan a estas ameazas moi reais.

Militarismo exacerbado

Ironicamente, desde o final da ‘Guerra Fría’, a influencia do Pentágono no goberno de Estados Unidos non fixo máis ca incrementarse, mentres o control do Departamento de Estado sobre a política exterior ten diminuído continuamente⁽¹¹⁾. Nos anos 90, a política económica exterior apuntouse un triunfo ante a diplomacia tradicional, dando ao Departamento de Comercio e ao Departamento do Tesouro lugares centrais nos intereses internacionais dos Estados Unidos. Namentres, o Departamento de Estado e a súa Axencia Internacional para o Desenvolvemento estaban a ser reducidos, e o poder e as responsabilidades dos comandos rexionais do Pentágono intensificaban programas de adestramento e exercicios militares conxuntos. A presenza militar estadounidense estendeuse neses anos ao redor do globo, particularmente en África, América Latina e Eurasia⁽¹²⁾. Os anos 90 foron unha década enmarcada en dous conflitos armados despois da ‘Guerra Fría’, comezando polo despregamento militar masivo no Golfo Pérsico e rematando cos bombardeos de Iugoslavia. Nesa nova era, o exército dos Estados Unidos atopou novas liberdades para actuar sen temor á reacción soviética, e sen as consabidas críticas dos opositores ao intervencionismo na casa. De feito, progresistas e liberais estaban entre os principais defensores dun exército estadounidense máis afirmativo, especialmente nos casos que deron a entender a chamada intervención humanitaria.

Desde esta base, os militaristas da seguridade nacional tomaron o control da política externa e militar na Administración Bush. Perspectivas estratéxicas, cambios doutrinais, vastos incrementos no orzamento militar para a defensa do-

(11) O militar recibe o 93% do orzamento de asuntos internacionais dos EEUU e o Departamento de Estado o 7%.

(12) PRIEST, Dana: *A Four-Star Foreign Policy? U.S. Commanders Wield Rising Clout*, Washington Post, 28 de setembro de 2000, páx A1 e PRIEST, Dana: *Reinventing War*, Foreign Policy, novembro/dembro de 2001, 127, pp31-47.

méstica e un trato excluínte cara aos defensores tradicionais do *soft power* –todo resumido no informe “Estratexia da Seguridade Nacional dos Estados Unidos”, publicado en setembro de 2002– caracterizan hoxe o novo militarismo en auxe do goberno norteamericano. Deleitándose na súa superioridade militar, a Administración Bush deixou atrás as reservas dun pensamento estratéxico baseado no equilibrio de poder e os acordos de seguridade común. En lugar da *realpolitik* que caracterizou a estratexia da política exterior conservadora, os Estados Unidos se orientaron cara á *machtpolitik*, ao exercicio do poderío militar puro, libre de normas internacionais, tratados ou alianzas.

Ao comezar as súas breves accións militares e policiais e máis invasións, os Estados Unidos recoñecen aínda a necesidade de ter socios para ampliar a credibilidade e o espacio operacional loxístico. Pero esas serían coalicións *ad hoc* dos dispoñíbeis, e non alianzas preexistentes como a OTAN, e os Estados Unidos definirán sempre a misión e a dirixirán. Ao comezo da campaña de bombardeos de Afganistán, o secretario de Defensa, Rumsfeld, rexeitou as consideracións diplomáticas e falou coa confianza dun *warlord* (“señor da guerra”): “A misión debe determinar a coalición; a coalición non debe determinar a misión. Se o fai, a misión descendería ao denominador común máis baixo e non podemos permitilo⁽¹³⁾”.

Os actuais cambios doutrinais derivan desta perspectiva do xogo do poder. En lugar de que os funcionarios do Pentágono deseñen unha doutrina militar “baixo ameaza”, trátase agora dun “enfoque baseado nas capacidades⁽¹⁴⁾”. Así, en lugar de identificar unha ameaza real e inminente á seguridade nacional para actuar, o que se persegue é unha superioridade militar permanente que garanta a capacidade para frustrar calquera ataque imaxinábel. En realidade, esta estratexia do “estoupido” para garantir o dominio militar non xurde da Administración “Bush fillo”. Estiveron a envolverla desde principios dos 90 os estrategas militares e os *lobbies* do complexo militar na procura dun novo “coco” que substituíse á desintegrada Unión Soviética. Isto é o que identificou unha analista da Axencia de Intelixencia da Defensa como o enfoque da “suma de todos os medos⁽¹⁵⁾”.

Para asegurar esta “supremacía militar infinita”, o Pentágono quere –e está a conseguir– colosais sumas de diñeiro. O maior incremento no orzamento militar desde os anos de Reagan produciu abundancia de fondos para o sistema “legal” da guerra tradicional, e novas e maiores asignacións para sistemas “transformativos”, incluíndo mísiles para a defensa nacional, deseñados para asegurar a supremacía militar ata un futuro moi distante. En cumprimento desta doutrina de supremacía, o presidente George W. Bush escandalizou á comunidade internacional cando anunciou, durante un discurso en West Point en xuño de 2002, que os Estados Unidos se estaban a desfacer das súas vellas doutrinas de contención e

(13) Q & A with Donald Rumsfeld, Chicago Sun-Times, 18 de novembro de 2001.

(14) KLARE, Michael: *Endless Military Superiority*, The Nation, 15 de xullo de 2002.

(15) TRAVERS, Russell E.: *The New Millennium and a Strategic Breathing Space*, The Washington Quarterly, primavera de 1997.

disuasión para asumir a doutrina do ataque preventivo. Os EEUU non agardarán a ser atacados, senón que previrán agresións batendo primeiro non só contra as redes terroristas senón tamén contra nacións enteiras. Pola súa parte, Richard Falk advertiu que os Estados Unidos están a esixir “o dereito a abandonar restricións e regulamentos desenvolvidos pacientemente a través de séculos⁽¹⁶⁾”. Acompañando esta nova doutrina do ataque preventivo está en desenvolvemento unha nova doutrina das armas nucleares. Rexeitando medio século de esforzos para restrinxir a proliferación e o uso de armas nucleares, a nova postura nuclear dos Estados Unidos introduce o uso de armas nucleares por este país contra cinco países non nucleares se Washington determina que eses países están a desenvolver armas químicas, biolóxicas ou nucleares. Ao mesmo tempo, os Estados Unidos perfeccionan o seu novo arsenal de armas nucleares convencionais dirixidas. Todo isto é parte do que a Administración Bush chama política de “contraproliferación”.

O militarismo exacerbado dos Estados Unidos non tolera rivais, válida a guerra preventiva, e despreza as estruturas que garanten as estratexias de prevención de conflitos e de negociación. O novo militarismo americano non acepta consellos dos diplomáticos, só ten en conta o parecer dos comerciantes de armas. Como xa se observa e se admite, o Departamento de Guerra de Rumsfeld “non fai vidreiras”.

Absolutismo moral

Os nosos líderes fundaron invariablemente as iniciativas exteriores e militares dos Estados Unidos no idealismo político. Esta arraigada práctica de revestir os compromisos internacionais dos Estados Unidos cos valores da liberdade, a democracia e os dereitos, está a ser interpretada agora como “internacionalismo liberal”. A política exterior de “Bush fillo” rexeita explicitamente os imperativos do internacionalismo liberal, pero non obstante está enchida de valores. Esa nova axenda de supremacía tira proveito das fondas raíces morais e do sentido dunha misión mesiánica de Norte América. En vez de valores políticos liberais, os supremacistas que hoxe dirixen a política exterior dos Estados Unidos están máis cómodos cos contrastes morais severos. De aí, a súa afección por ligar a misión política exterior do país ao conflito apocalíptico entre “o Ben” e “o Mal”.

Este novo absolutismo moral axuda a guiar a transición desde o obxectivo da guerra contra as redes terroristas internacionais cara a unha confrontación máis ampla coas nacións que conforman o “Eixo do Mal”. Esta moral a gran escala da política exterior de Bush foi tamén utilizada para xustificar a súa meta final: dominar “o Mal” rexeitando calquera preocupación polos medios empregados para logralo. Aliarse con réximes opresivos, atopelar os dereitos humanos como condición para recibir axuda norteamericana, violar as convencións do dereito internacional, provocar “cambios

(16) FALK, Richard: *The New Bush Doctrine*, The Nation, 15 de xullo de 2002.

de réxime” e bater sempre primeiro son todos medios aceptábeis na interminábel guerra de Bush contra “o Mal”.

O contido *America First* (Primeiro América) do supremacismo de Bush faise eco e dá relevo á “cidade sobre o cerro”, estrutura simbólica que apuntalou as crenzas dos “Puritanos” de América, tal como foi artellada en 1630 por John Winthrop, o primeiro gobernador de Massachusetts⁽¹⁷⁾. Durante máis de tres séculos, a nosa sociedade continuou crendo na súa propia transcendencia moral, aínda que a nosa cidade sobre o cerro sufrise xa tan notábeis renovacións urbanas. Durante bastante tempo, a nosa visión de ser faro moral do mundo foi decididamente etnocéntrica, o que explica as tendencias “illacionistas” dos Estados Unidos nas súas relacións con Europa. No século XX, especialmente despois do comezo da ‘Guerra Fría’, os valores morais da nosa cidade santa foron publicados e admirados coma esencia dos principios occidentais. Interpretacións neoconservadoras, coma o “Fin da Historia” e o “Choque de Civilizacións”, fortaleceron a convicción norteamericana de que a nosa “cultura noratlántica xudeucristiá” expresaba o mellor da civilización. Co recente pulo do pensamento da supremacía, “Occidente contra o resto do mundo”, a imaxinación americana envórcase cara aos principios do *America First* e do excepcionalismo. O noso novo absolutismo moral olla hoxe aos europeos como relativistas morais, oportunistas políticos e débiles socios temerosos de pronunciar o nome do Mal⁽¹⁸⁾.

Un momento crítico

Os Estados Unidos están a padecer un complexo de poder que distorsiona as prioridades nacionais. Abandeirado na convicción da súa supremacía, o goberno estadounidense fragua as súas novas directrices de política exterior ignorando o soporte da retroalimentación global, da reacción e do impacto do seu unilateralismo agresivo.

As políticas, como a historia mesma, están marcadas por ciclos e oscilacións pendulares. Pode ser que os recentes cambios á dereita na política exterior e militar dos Estados Unidos sexan revertidos pola próxima administración ou polo Congreso. Algúns indicios apuntan a que, a medida que os *hawks* e os homes e mulleres da liña máis dura perseguen a súa axenda neoimperial, topan coas esixencias da *realpolitik* –a necesidade de alianzas, a importancia da protección multilateral e a victoriosa manobra diplomática doutras potencias para iniciar axendas alternativas– e a necesidade do *soft power* e do multilateralismo moderado do

(17) Nun engadido coidadoso, que podería dirixirse á altanería supremacista dos EEUU, John Winthrop advertiu de que se fracasamos en transformar a nosa “cidade sobre o cerro” nun modelo de esperanza e virtude e “tratamos falsamente a Deus”, estaremos malditos. CHACE, James: *Imperial America and the Common Interest*, World Policy Journal, inverno de 2002.

(18) Para unha presentación característica dese argumento, ver KAGAN, Robert: *Power and Weakness*, Policy Review, xuño/xuño de 2002, <http://www.ceip.org/files/print/2002-06-02-policyreview.htm>. Kagan comenta na frase principal: “É tempo de deixar de finxir que europeos e norteamericanos comparten unha visión común do mundo, ou incluso que ocupan o mesmo mundo”.

Departamento de Estado, así como da “construcción de nacións” (*nation building*) e pacificación seguintes a unha guerra.

Pero as políticas e a historia están tamén marcadas por puntos críticos cando a confluencia dos acontecementos e a intervención humana ocasionan cambios fundamentais no predominio de ideoloxías e sistemas. A creación dun marco multilateral para manexar os asuntos globais ao final da ‘Segunda Guerra Mundial’ foi certamente un deses principais puntos críticos.

Resta por ver se a axenda da supremacía da Administración Bush –co seu desprezo pola cooperación internacional, co seu principio de “paz por medio da forza” e coa súa interminábel guerra contra “o Mal”– será só un momento político pasaxeiro ou se será o marco ideolóxico e operativo das relacións internacionais nos comezos do século XXI. En moi grande medida, a resposta a estas preguntas dependerá da vontade dos estadounidenses para ir mais alá do seu intenso sentimento de seren vítimas polas secuelas do 11 de setembro de 2001, e dependerá da capacidade que teña o noso pobo de comprometerse nunha seria busca espiritual que lle permita afondar no seu complexo de poder. Só entón, os Estados Unidos poderán recobrar a capacidade de exercer o seu poder responsablemente.

Tom Barry é analista do Interhemispheric Resource Center (IRC).